

# A Xurisdición de Miraflores á luz das comprobacións dos expedientes da *Única Contribución*: o exemplo das parroquias de Serantes e Maianca

XESÚS ANDRÉS LÓPEZ CALVO\*

## Sumario

Aínda que a documentación xerada polo Catastro de Ensenada non debe ser considerada coma fonte exclusiva para a historiografía do século XVIII en Galicia, o certo é que a súa publicación e análise seguen a ser de enorme interese para o estudo de determinadas áreas xeográficas, da súa descrición, economía, sociedade e as relacións de poder. Esta achega ofrece, en bloques de información contextualizados, o referido polos traballos do Catastro á parte setentrional do actual Concello de Oleiros (A Coruña).

## Abstract

Although the documentation generated by the Catastro de Ensenada should not be considered as the main source for the historiography of the 18th century in Galicia, the truth is that the Catastro publication and analysis are still of huge interest to the study of certain geographical areas, their description, economy, society and power relationships. This article provides, in contextualized blocks of information, what is referred by the Catastro about the northern part of the current council of Oleiros (A Coruña).

## 1. INTRODUCCIÓN

O século XVIII, e mesmo a primeira metade do século XIX, son de enorme interese para a investigación histórica, pois foron tempos de interesantes procesos de transformación social en Europa e en España: momento de cambios políticos, difusión das ideas liberais da Ilustración, primeiras experiencias democráticas, afianzamento dos principios separadores de poderes, nacemento do concepto de Nación, recoñecemento das liberdades individuais, eliminación de privilexios, xurdimento do dereito de cidadanía, protección da propiedade privada, impulso do libre mercado... Elementos que farán posible a transición do Antigo Réxime ao Estado Liberal.

Estes procesos tamén provocaron senlleiras reformas de transformación fiscal e administración tributaria co obxectivo da modernización da recadación, pois non existía un réxime tributario único, e aínda subsistían os privilexios impositivos da nobreza e o clero -paralelos aos do Estado- que lastraban a modernización do país.

---

\* Xesús Andrés López Calvo é crego na diocese de Santiago de Compostela.  
[curademera@gmail.com](mailto:curademera@gmail.com)

En España, o primeiro intento prodúcese en 1732 da man de Miguel de Zabala<sup>1</sup>, porén o máis ambicioso destes intentos reformistas tivo lugar en 1749, e foi o coñecido como *Reforma de Ensenada*, por mor do nome do seu impulsor Zenón de Somodevilla y Bengoechea, Marqués de La Ensenada (1702-1781). Coma Ministro de Facenda, o 10 de outubro de 1749, foi quen de acadar a redacción dunha Real Orde para por en marcha un dos seus desexados proxectos. Con criterios centralistas e de procura da unidade xurídica, mandaba a elaboración de instrumentos coma catastros, equivalentes, tallas... para chegar á Única Contribución, “o imposto que se pretendeu implantar nos territorios da Coroa de Castela a mediados do século XVIII e que debía substituír a un conxunto de impostos moi variado e complexo que recibía o nome de rendas provinciais”<sup>2</sup>. Aínda que hai autores que sosteñen que, no fondo desta reforma agochábase o desexo de recadar cartos de onde fose para construír unha potente Armada<sup>3</sup>, o certo é que pretendía levar adiante unha reforma para distribuír a carga fiscal entre os súbditos de xeito proporcional á riqueza estable de cada un, e reducir a un único imposto a diversidade de gravames -coa súa conseguinte multiplicidade de normativas e procedementos- e, finalmente, acabar cos privilexios fiscais de nobreza e clero.

O paso previo para establecer esta *Única Contribución* foi a realización dun catastro universal sobre preto de quince mil localidades, co obxectivo de pescudar e rexistrar a renda estable de cada fogar. O control do proceso correspondíalle á *Real Xunta de Única Contribución* que, a nivel territorial, encargou esta misión aos intendentés de provincia. Cada intendencia formou, a tal fin, equipos catastrais denominados *audiencias* baixo a presidencia dun xuíz. Para dar veracidade e fiabilidade ao resultado, prohibíase que os seus membros foran veciños ou tiveran intereses nas localidades a catastrar.

Non vai ser obxectivo do noso estudo avaliar se este propósito da política ilustrada supuxo avance ou retroceso, nin tampouco describir as súas influencias posteriores na estabilidade económica do país. O proxecto da Única Contribución desestimouse en 1776, porén xerou unha interesante documentación froito da recollida de información de cada unha das cidades, vilas e lugares da Coroa de Castela, feita por peritos verbo da poboación, límites xeográficos e xurisdicionais, cultivos, fiscalidade, oficios, institucións civís e eclesiásticas, e bens propios de Coroa e Concellos. Os resultados destas pescudas convertéronse nunha inestimable fonte documental que responde á necesidade do investigador de distintas temáticas: agraria (referentes de produción, prácticas e explotacións, propiedade de terras...); industrial (manufacturas, obradoiros, pesca, gremios e confrarías); xeográfica

<sup>1</sup> “El medio que me parece más proporcionado para establecer una contribución útil y justificada, es el que tiene ya su principio en Cataluña; y se reduce, a que cesando absolutamente todos los tributos y derechos que se fundan en alcabalas, cientos, servicio ordinario, millones, sisas, y nuevos impuestos, incluso la alcabala del viento, quinto y millón de nieve, y todos los demás ramos que se comprenden bajo el nombre de rentas y provinciales, como también el repartimiento de la paja, camas, luz, leña, y todos los que son gabelas, se establezca en lugar de ellas una sola contribución de un cinco por ciento, en dos especies de tributo; una meramente real, cierto, y perpetuo; y otro personal, considerado el mismo cinco por ciento del trabajo personal de cada uno, según su arte y ejercicio”. M. DE ZABALA Y AUÑÓN- MARTÍN DE LOYNAZ – T. PINTO MIGUEL, *Miscelánea económico-política o Discursos varios sobre el modo de aliviar los vasallos con aumento del Real Erario*, Madrid 1749. Esta fórmula adoptaraa despois Ensenada.

<sup>2</sup> C. CAMARERO BULLÓN, *El debate de la Única Contribución. Catastrar las Castillas 1749*, Madrid, Centro de Gestión Catastral Tabapress, 1993, 7.

<sup>3</sup> Cf. A. CERRATO ÁLVAREZ, *Tierra, producción y precios. La Limia Alta, siglo XVIII. Catastro de Ensenada 1753*, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2005, 39-48.

(límites e organización do territorio, perspectivas do rural e o urbano); económica (contabilidades dominiais, comercios, feiras e mercados); fiscalidade (as facendas públicas, a señorial, a eclesiástica e a dos concellos), demográfica (os padróns de familias e de particulares) e historia social (estamentos, dirixentes, rendeiros, testamentos...)<sup>4</sup>.

A principal intención da nosa achega será o estudo das operacións catastrais destinadas ao establecemento desa Única Contribución no territorio da Xurisdición de Miraflores, coa descrición das informacións conseguidas polos peritos redactores verbo das parroquias setentrionais do actual concello de Oleiros. Esta análise, de seguro, axudaranos a comprender a personalidade histórica das súas institucións, habitantes, economía, relacións sociais... que, tamén de seguro, propiciarán novas investigacións que completarán e superarán as nosas conclusións.

## 2. FONTES E MÉTODO

As fontes documentais que usaremos son dous manuscritos pertencentes aos expedientes das *Comprobaciones del Catastro del marqués de la Ensenada en el Reino de Galicia*, que se conservan no Arquivo Xeral de Simancas (Valladolid)<sup>5</sup>. Forman parte dunha colección de 323 atados que conteñen, á súa vez, outros 3.843 expedientes máis. Aquelas pescudas desenvolvéronse entre 1750 e 1757. Nos seguintes anos, 1758 e 1759, os peritos e informantes dedicáronse á tarefa do inventariado, copia e configuración dos libros de contido que quedaran baixo custodia dos contadores. Porén, en 1760, cando se retoma o proceso cara a posta en práctica da Única Contribución, mudan os protagonistas: novo monarca, novo Ministro de Facenda, nova Xunta de Única Contribución... que piden matizar, e mesmo verificar, as albeitas efectuadas dez anos atrás, e así obter novos resultados. Deste xeito, nacen as *Comprobaciones del Catastro de Ensenada*, que se concluirán en 1764. A sistematización das informacións e valoracións fornecidas por estas *Comprobaciones* serán os contidos do noso traballo. Agora ben, cómpre sinalar unha limitación inicial: a fiabilidade que puideran presentar os datos, pois algún autor xa foi quen de descubrir nelas algunha eiva:

¿Y cuál fue el resultado de esta Comprobación? Sencillamente catastrófico. Los pueblos pensaron que a menores fondos les correspondería menos contribución (...) Amañaron las operaciones de tal suerte, que los productos y efectos de los tres ramos, Real, Industrial y Comercio, quedaron reducidísimos: ¡en algunas provincias, a menos de la mitad que en las primeras diligencias!<sup>6</sup>.

Imos demostrar, aló menos nas localidades que nos ocupan, cómo este laio responde á verdade. Aínda así, admitindo que estas informacións catastrais foron moi dadas á ocultación -e mesmo distorsión- de datos, sobre todo os referidos ás utilidades económicas,

---

<sup>4</sup> Cf. *Fuentes para el estudio del siglo XVIII en Galicia. Historia Económica y social. Ciclo de conferencias organizadas por el Archivo del Reino de Galicia (A Coruña, 7-11 de marzo de 1988)*, Sada, Edicións do Castro 1991.

<sup>5</sup> ARQUIVO XERAL DE SIMANCAS, *Expedientes de Comprobación de bienes, rentas y cargas de las feligresías de San Julián de Serantes y San Cosme de Maianca (Miraflores – La Coruña), por Decreto de diciembre de 1760 para el establecimiento de la Única Contribución*, signaturas: DGR/1RE/912, 3 e DGR/1RE, 955,3, respectivamente.

<sup>6</sup> A. MATILLA TASCÓN, *La Única Contribución y el Catastro de Ensenada*, Madrid, Ministerio de Hacienda 1947, 100. Cf. J. P. DÍAZ LÓPEZ, *La Única Contribución como objetivo de la política ilustrada. La realización del Catastro de Ensenada en el Valle de Andarax*, en: “Boletín del Instituto de Estudios Almerienses” 14 (1995) 19-42.

tentaremos aplicar unha correcta hermenéutica que nos axude a acadar unha primeira lectura interpretativa da actividade económica e social da veciñanza referida nos textos. Unha operación que semella imperativo e privilexio do historiador, onde as fontes permitirán descubrir os feitos pasados dos individuos e captar o pulso da súa vida cotiá.

En canto ao método, moverémonos no ámbito da historia local, e trataremos de artellar un triplio vector: Rescate; sistematización e devolución. Rescate: A fase eurística. Desexamos dar a coñecer a utilidade e fiabilidade dos documentos manexados que, aínda que amosan unha doada consulta, a súa publicación impresa converterase nunha ferramenta de indubidable valor de cara á investigación, tanto histórica como económica. Sistematización: a fase crítica. Agruparemos e organizaremos diacrónicamente os datos achegados polas fontes manexadas, tentando describir e interpretar os feitos tal como os textos os transmiten, e así, valorando a súa veracidade, captar e comprender as múltiples manifestacións da vida social. Devolución: á comunidade. Polo xeral, os pobos pequenos non contan cun corpus sistemático de coñecementos que dean conta da súa identidade. Cómpre, xa que logo, devolvérllela historia cotiá aos seus poboadores, que construíron o seu lugar nun tempo determinado.

### 3. MARCO ESPACIAL: A XURISDICIÓN DE MIRAFLORES E AS PARROQUIAS DE SERANTES E MAIANCA

O reparto do dominio xurisdiccional no Reino de Galicia data dos tempos dos Reis Católicos, cando impuxeron as bases do Estado Moderno, e chegou até 1811, cando as Cortes de Cádiz decidiron a desaparición dos señoríos para incorporalos á Coroa<sup>7</sup>.

Un antecedente daquela reforma das Cortes de Cádiz foi a *División de Floridablanca*: un intento da política borbónica por acadar unha máis sinxela e uniforme división do territorio. Partindo da idea centralista da creación dunhas unidades administrativas (as provincias), que serían rexidas pola figura do Intendente, a España peninsular estruturaríase en 31 Intendencias, e o Reino de Galicia constituiría unha única Intendencia. Este proxecto de 1785, identificado polo nome do seu impulsor, o ministro Xosé Moñino Redondo, conde de Floridablanca (1728-1808), quixo compaxinar en Galicia dunha banda a nova división e, doutra, o mantemento das históricas sete provincias do antigo Reino de Galicia, unha longa tradición que databa, aló menos, do século XV. Deste xeito, mantería para estas últimas a denominación de provincia, mais sen rango político ou administrativo<sup>8</sup>. A estes dous ámbitos (provincia e sete provincias) engadíase unha terceira subdivisión: a das xurisdicións e coutos redondos, compostos á súa vez polas parroquias, a unidade territorial máis viva e perenne das relacións sociais en Galicia.

Antes da División de Floridablanca o reparto administrativo territorial de Galicia na Idade Moderna era unha complicada trama tanto territorial coma de dominios que se traducía nun esmigallamento do espazo e nunha superposición de xurisdicións; por outra parte non

<sup>7</sup> Cf. A. ERÍAS MARTÍNEZ – X. M. GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, *O marco xurisdiccional na antiga provincia de Betanzos*, en: “Anuario Brigantino” 12 (1989) 17-84.

<sup>8</sup> Cf. J.R. CHANTADA ACOSTA – J. HERNÁNDEZ BORGE, “La división territorial de Galicia y su evolución”, en: ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CIENCIA REGIONAL, *Actas de la X reunión de Estudios Regionales*, Valladolid, Junta de Castilla y León 1985, Tomo II, 765-784.

ofrecía unha estabilidade ou continuidade político territorial dado o carácter persoal dos señoríos, condicionados por unha dinámica de herdanzas, compras doazóns... Floridablanca pretende facer, por unha parte, un intento de fixación das unidades administrativas e, pola outra, procurar unha meirande cohesión e simplicidade destas divisións que, ademais, en Galicia se poden asentar naquelas unidades básicas relixioso sociais que son as freguesías<sup>9</sup>.

Estas xurisdicións ou señorío xurisdiccional, foron unha das manifestacións do poder no Antigo Réxime, pois os cargos señoriais eran o primeiro chanzo do sistema xudicial e os encargados de facer cumprir unha serie de normas que afectaban en múltiples aspectos á poboación. “A Galicia do século XVIII contaba con 509 xurisdicións, 155 coutos redondos, 7 cidades e 95 vilas”<sup>10</sup>. A nobreza, o Arcebispo de Santiago, os bispos e os mosteiros dominaban a maior parte delas: a metade da poboación galega residía en xurisdicións da nobreza, outro terzo nas da Igrexa, outro 12 % nas de reguengo e, o resto, estaban nas mans de modestos señores fidalgos. A importancia do control das xurisdicións radicaba, non tanto nos ingresos que proporcionaban aos seus titulares, senón na posibilidade de facer máis eficiente a defensa do seu patrimonio e os seus dereitos.

Cómpre reparar que estamos asistindo ao nacemento do que algún autores definen como: “O cambio dunha cultura estatalista fronte á cultura xurisdiccionalista, onde, sobre eixos e criterios moi diferentes aos nosos, o poder político materializábase na *potestas* do poder xurisdiccional, a *jurisdictio* (*juris-dictio* = dicir o dereito), noción que simplemente fai referencia á posibilidade por parte do titular lexítimo da mesma de establecer dereito e administrar xustiza, é dicir, de exercer o dominio político sobre os homes”<sup>11</sup>.

Para entender o poder xurisdiccional e privativo do señor sobre o espazo público, o mesmo que outras moitas prácticas que de seguido imos describir e recoller da documentación manexada, diremos de xeito simplificado que, nesta cultura, o poder xurisdiccional remitía ao seu carácter de dato sobrenatural e revelado. É dicir, á idea da necesidade dun *ordo* xeral e natural instituído e desexado por Deus para toda a creación como *lex aeterna*. Por iso, cumpría que o poder estivese xerarquizado antropomórficamente, coma un corpo perfecto, entre *caput et membras* (cabeza e membros)<sup>12</sup>. Esta revelación divina estaba na base e daba uniformidade ao conxunto das diversas prácticas xurídico políticas da sociedade do Antigo Réxime. Esta concepción, baseada nunha cosmovisión de raíz relixiosa, xustificaba, por exemplo, que El Rei era portador de dous corpos, un orgánico e físico (a súa persoa) e outro simbólico (o propio Estado), e mesmo que o Reino era coma unha grande corporación formada por un conxunto de corporacións menores, constituídas tamén polos seus *caput et membras*. Temos xa que logo, unha monarquía constituída por unha pluralidade xurisdiccional, con capacidade para ditar as súas propias normas e autorregularse; un sistema

---

<sup>9</sup> F. X. RÍO BARJA, *Cartografía Xurisdiccional de Galicia no século XVIII*, Santiago, Consello da Cultura Galega 1990, 72-73 e 86-87.

<sup>10</sup> *Ibid.*, 12.

<sup>11</sup> O. V. PEREYRA, “El Poder jurisdiccional: elementos para su comprensión”, en: M. CARZOLIO - O. V. PEREYRA - J. BUBELLO (COORDS.), *El Antiguo Régimen. Sociedad, Política, Religión y Cultura en la Edad Moderna*, La Plata-Buenos Aires, Edulp 2017, 20-36.

<sup>12</sup> Trátase dunha idea da teoloxía pauliña contida no Novo Testamento, consistente en entender a Igrexa coma corpo místico de Cristo: “De igual xeito que nun único corpo temos moitos membros, e non tódolos membros teñen a mesma función, así nós, con sermos moitos, somos un so corpo en Cristo; e individualmente somos membros os uns dos outros”. (Romanos, 12, 4-5).

piramidal onde El Rei exercía no vértice e, a nivel local, todo un enxame de alcaldes ordinarios, xustizas maiores, adelantados, correxedores, gobernadores, procuradores xerais, comisarios... que controlaban e administraban o cumprimento das obrigas mutuas entre soberano e súbditos. Na cúspide deste recargado armazón atopábase, de xeito simétrico, o propio señor de vasallos, reservándose a xustiza de El Rei coma instancia de alzada ou de apelación. Porén, esta complexidade xurisdiccional non remata aquí, pois tamén existía a xustiza eclesiástica que, en moitos casos, entremetiase nos espazos propios da xurisdición real, especialmente nos señoríos de dominio compartido.

No caso que nos ocupa, a xurisdición de Miraflores, tratábase dun territorio duns 95 Km<sup>2</sup> de extensión que abrangía 23 freguesías espaxadas entre as antigas provincias de Betanzos e A Coruña, nas Mariñas coruñesas<sup>13</sup>, onde se administraba xustiza no nome dos condes de Lemos coma herdeiros dos condes de Andrade<sup>14</sup>. Non era das máis importantes en canto a extensión e poboación<sup>15</sup> comparándoa co conxunto das xurisdicións da liñaxe de Lemos que, en 1760 cando se redactan as *Comprobaciones* que nos ocupan, acadaban un total de 742,3 Km<sup>2</sup> de extensión e unha poboación total de 7.629 veciños<sup>16</sup>, o que supoñía o 14,3% do conxunto dos habitantes da provincia, e o 12,8% dos territorios das xurisdicións dos Andrade.

A súa orixe fai referencia ao pazo de Miraflores (Santa María de Oleiros), que orixinalmente non era casa residencial, senón xulgado e cárcere aínda que, segundo algunhas tradicións, mesmo o relacionaban coma a antiga morada dos reis suevos e, máis actualmente, co condado de Pardo Bazán<sup>17</sup>. Respecto aos outros señoríos, presenta a peculiaridade de carecer, dentro do seu territorio, de dominios compartidos por reguengos, abadengos ou ordes militares.

Era, por tanto, territorio onde o señorío secular nomeaba a alcaldes maiores, xuíces e escribáns, que non só limitaban as súas funcións ao exercicio da Xustiza, senón que a súa influencia estendíase a múltiples aspectos da vida económica e social dos veciños. Estes funcionarios, vivían o cumprimento das obrigas de vasalaxe, das normas que afectaban as actividades produtivas e comerciais, o aproveitamento dos recursos naturais comunais, a celebración de feiras e mercados, a licenza de vendima, e a prestación de traballos ao señor xurisdiccional. Axudados polos alcaldes e alguacís, adoitaban coñecer ben a súa demarcación, mediando nos conflitos (rendas, delimitación de propiedade, prorrateos...) entre veciños, entre outras xurisdicións, e mesmo coa Real Audiencia de Galicia<sup>18</sup>. En

<sup>13</sup> Cf. Apéndice nº 1.

<sup>14</sup> A documentación manexada aparece nomeada sempre a condesa de Lemos, título que converxe na casa de Andrade cando Teresa de Andrade, filla de Fernando o primeiro conde Andrade, casa con Fernando de Castro e Osorio, conde de Lemos.

<sup>15</sup> Lucas Labrada, en 1804, outórgalle á Xurisdición de Miraflores, xunto cos coutos de Sésamo, Temple e Dorneda 1.1778 veciños. Cf. J. LUCAS LABRADA ROMERO, *Descripción económica del Reino de Galicia*, Vigo, Galaxia 1971, 277.

<sup>16</sup> Cf. A. ERÍAS ROEL, *El Señorío gallego en cifras: Nómina y ranking de los señores jurisdiccionales*, en: "Cuadernos de Estudios Gallegos" (1989) 103, 117.

<sup>17</sup> Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*, A Coruña, Everest-Diputación Provincial 1986, 92 e 163. No 1900, Juan Fernández Latorre, fundador do xornal "La Voz de Galicia", e a súa dona Felisa Ozores de Prado mercan este pazo. Cf. F. CABANAS LÓPEZ – S. CASAL QUINTÁNS, *Historia de Oleiros, Mera-Oleiros, Támea* 1999, 88.

<sup>18</sup> Cf. A. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, *Los grupos de poder local en Galicia, 1750-1850*, en: "Noticario de Historia

calquera caso, tratábase dunha situación de minifundismo xurisdiccional onde podería darse a circunstancia de que un grupo de sete casas poderían pertencer a cinco xurisdicións distintas.

Outro dos marcos xeográficos nos que delimitaremos a nosa achega é o das parroquias de San Xián de Serantes e o seu anexo San Cosme de Maianca, de 8,5 Km<sup>2</sup> de extensión, un 9% do conxunto do territorio da xurisdición, e pertencentes á demarcación eclesiástica do Arcedianato de Nendos, no Arcebispado de Santiago de Compostela. Os arcedianatos eran unidades territoriais extensas intermedias, solucións xurídicas adoptadas pola Igrexa para unha máis fácil administración. Había catro na diocese compostelá: Nendos, Cornado, Salnés e Trastámara, sendo o seu criterio de distribución eminentemente xeográfico e, nalgúns casos, tamén o da uniformidade espacial. Os seus titulares, os arcediagos, estaban vinculados ao Cabido Catedral. Estiveron vixentes hasta o Concordato de 1851.



Mapa da Xurisdición de Miraflores.  
E. 1:200.000  
(Fonte: F. X. Rfo Barja, 1990)

Nendos é un topónimo de orixe celta que se latiniza como *nemitos* e fai referencia a lugar sagrado. Con el identificase o territorio da costa noroeste de Galicia, na provincia de A Coruña, e comprende, polo litoral o espazo natural das rías de A Coruña e Betanzos e, cara o interior, os vales dos ríos Mero, Mendo e Mandeo. Actualmente isto coincide, aproximadamente, cos termos municipais de Oleiros, Sada, Cambre, Bergondo, Betanzos, Oza dos Ríos, Abegondo, Oza-Cesuras e parte dos de Carral, Paderne, Coirós, Irixoa e Aranga. E, na xurisdición eclesiástica actual, aos Arciprestados de: Faro, Xanrozo, Bergantiños, Abegondo, Cerveiro, Pruzos e Bezoucos<sup>19</sup>.

En 1607, Serantes era unha freguesía cabeza ou matriz e Maianca a súa anexa<sup>20</sup>. A primeira tiña 46 veciños e a segunda 27. Pola documentación que manexamos, en 1760 Serantes chegaba a 93 veciños ou cabezas de familia e Maianca a 42. En 1845 a poboación evolucionou ata ter Serantes 86 casas e 385 habitantes, e Maianca 62 casas e 369 habitantes<sup>21</sup>. A mediados da década dos 70 do século pasado, Serantes chegou aos 787 habitantes, mentres que Maianca tiña 608<sup>22</sup>.

Agraria<sup>9</sup> (1995) 129-153.

<sup>19</sup> Cf. J. C. SÁNCHEZ PARDO, *Análisis espacial de un territorio altomedieval: Nendos (A Coruña)*, en: "Arqueología y Territorio Medieval" 13 (2006) 1, 7-48.

<sup>20</sup> Cf. J. DEL HOYO, *Memorias del Arzobispado de Santiago. Edición preparada por Ángel Rodríguez González y Benito Varela Jácome. Transcripción del manuscrito original del año 1607, que se guarda en el Archivo de la Mitra Compostelana*, A Coruña, Imprenta Moret s/f, 269.

<sup>21</sup> P. MADOZ, *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Tomos IV e VI: Galicia, Madrid 1845.

<sup>22</sup> Cf. S. CAÑADA (ED.), *Gran Enciclopedia Gallega*, Xixón 1974, T. XXVIII, 143 e M. RIAL SOUTO, "Maianca", en: *Id.*, T. XX, 52.



Miraflores na cartografía do século XVIII  
(Fonte: Jacques Nicollas Bellin, *Le petit Atlas Maritime* de 1764, en: Instituto Geográfico Nacional, Cartografía de Galicia 1522-1900, Madrid 1988)

#### 4. A REALIZACIÓN DOS CUESTIONARIOS

Cómpre dicir algo verbo do proceso de elaboración das *Comprobaciones*. Xa fixemos notar como en 1760, reinando xa Carlos III, retómase o proxecto iniciado por Ensenada en 1745. Desta volta, o ministro principal xa era o marqués Leopoldo de Gregorio Esquilache (1699-1785), quen nomea unha nova Xunta de Única Contribución e elabora unha Instrución para a comprobación das dilixencias practicadas en 1749. Outra vez máis, ponse en marcha un inxente esforzo, tanto humano coma económico, para facer funcionar a necesaria máquina burocrática. Introducíronse dúas novidades importantes na redacción dos instrumentos e que cambiarán substancialmente os resultados. Dunha banda, os axentes encargados da execución xa non serán os Intendentes, senón as autoridades locais, rexedores e peritos por eles elixidos en concorrencia co cura párroco e, doutra, a posta en acto dun novo cálculo consistente en deducir da valoración do

produto os gastos derivados polo cultivo e a labor das terras, dos abonos de décimos, do alimento e pastoreo do gando e das obras e reparacións efectuadas nas casas.

As *Comprobaciones* que debían realizarse en tres meses, en Maianca remátanse en setembro de 1763, dando coma resultado 314 folios de documentación; mentres que as de Serantes tardan aínda seis anos máis en rematarse cun resultado de 265 folios. Galicia foi a última en concluír as dilixencias desta operación. Os escribáns responsables foron, respectivamente: **Domingo Antonio Feal Espantoso** e **Francisco Vaamonde Bermúdez** sendo o Intendente Xeral do Reino **Andrés Gómez de la Vega**.

Estes funcionarios eran os depositarios da veracidade e bo rexistro das escrituras. Estaban obrigados a dar exemplo, como cabezas da sociedade civil, dunha boa vida e saudables costumes. A lei convertíao en axentes omnipresentes en tódolos ámbitos da vida política, social e económica, volvéndose nun cobizado oficio tanto para as elites coma para outros grupos inferiores coma unha posibilidade de ascenso social<sup>23</sup>. Pola súa banda, os intendentes eran unha clasificación de funcionario traída de Francia coa chegada a España de Filipe V. Designados por El Rei gozaban de amplos poderes e tiñan coma misión: a recadación de tributos, a dinamización económica, o coidado das Reais Fábricas, da agricultura e a gandería e a realización de mapas e censos<sup>24</sup>.

<sup>23</sup> Cf. R. POUSA DIÉGUEZ, *Escribanos y Notarios en la Galicia del Antiguo Régimen. Una aproximación a su tipología y características*, en: "Cuadernos de Estudios Gallegos" (2018) 131, 255-282.

<sup>24</sup> Cf. F. ABBAD – D. OZANAM, *Les Intendants espagnols du XVIII siècle*, Madrid, Casa de Velázquez 1992.



Unha primeira pescuda, por parte destes escribáns, da lugar ás *Respuestas Generales*. Son as contestacións a un cuestionario uniforme de corenta preguntas<sup>25</sup> subministradas por unha comisión integrada por algúns notables das parroquias, algúns peritos coñecedores do territorio e mesmo unha nómina de veciños elixidos: “Nombrados y señalados por los más vecinos en junta plena para la confrontación, reconocimiento y arreglo de la Comprobación de las Diligencias anteriormente practicadas”. Non debe estrañarnos que mesmo se tratasen de persoas analfabetas pero que podían desenvolverse en asuntos que requirían o sentido común máis que a pericia leguleia, e que decote asesoraban en litixios verbo problemas de herdanzas, débedas ou servidumes colectivas, cuxa solución pasaban por concordias, facendo escasos ou nulos os medios coactivos da xustiza<sup>26</sup>. No caso de Maianca, os integrantes da comisión son: **Antonio Fernández**, xuíz pedáneo, **Francisco Antonio Pereira**, Cura Párroco aínda que residente en Serantes, es os veciños **Domingo da Portela**, **Xosé Moscoso** e **Xoán García**. No caso de Serantes, ademais do xuíz pedáneo **Francisco Yllanes**, tamén figuran o cura reitor Francisco Antonio Pereira e os veciños **Xoán Fernández**, **Xoán Pereira**, **Francisco Barreiro** e **Francisco de Lugris**.

Unha segunda pescuda ofrece coma resultado os *Libros de Relación de Personal* que, nun primeiro momento, censan aos cabezas de familia por orde alfabética para, nun segundo momento, inventariar aos mesmos por ocupacións industriais (por exemplo, labradores incluídos na *Matrícula de Mar*) e condición estamental (por exemplo, a nómina de fidalgos). Un terceiro caderno resulta como froito da *relación de persoal eclesiástico*, incluíndo os seus capitais e rendas e distinguindo as superficies patrimoniais das beneficias. Por último, o máis extenso de todas as relacións, é o *Libro de Legos* ou *Particulares*, organizando a información precedente e comprobando os bens e ingresos de cada veciño cabeza de familia, expresando o seu nome, oficio, a descrición da casa familiar, extensión das parcelas de terra especificando a súa calidade, árbores, gandos, ingresos de cada membro da familia maior de 18 anos, arrendamentos, lindes e inmobles destinados a usos industriais.

## 5. OS BLOQUES DE INFORMACIÓN

Aínda que as fontes utilizadas redactáronse coa preocupación pola obtención de informacións cuantitativas e con escaso interese por aspectos descritivos, con todo imos sistematizar polo miúdo, as informacións achegadas polos cuestionarios, restándolle rixidez economicista e contextualizándoo os seus datos.

---

<sup>25</sup> As 40 preguntas eran as seguintes: Nome da poboación (pregunta nº 1); xurisdición (nº 2); extensión e límites (nº 3); tipos de terras (nn. 4, 5); árbores (nn. 6, 7, 8 e 13); medidas de superficie e capacidade que se usan (nn. 9 e 10); especies, cantidade e valor dos froitos (nn. 11, 12, 14 e 16); décimos e primicias (nº 15); minas, salinas, muíños e outros “artefactos” (nº 17); gandos (nn. 18, 19 e 20); censo de poboación, con veciños, xornaleiros e pobres de solemnidade (21, 35 y 36), censo de clérigos (38) e conventos (39); casas e outros edificios (nº 22); bens propios do común (nº 23), sisas e arbitrios (24), gastos do común, como salarios, festas, empedrados, fontes (nº 25), impostos (nn. 26 e 27); actividades industriais e comerciais, coa utilidade dos bens ou servizos producidos: tabernas, mesóns, tendas, panaderías, carnicerías, pontes, barcas sobre ríos, mercados e feiras (nº 29), hospitais (nº 30), cambiadores e mercadores (nº 31), tendeiros, médicos, cirurxiáns, boticarios, escribáns, arrieiros... (nº 32); albaneis, canteiros, albeites, ferreiros, zapateiros... (nn. 33 e 34); embarcacións (nº 37); bens alleados (nº 28) e rendas propias de El Rei (nº 40).

<sup>26</sup> Cf. P. SAAVEDRA FERNÁNDEZ, “El Régimen Señorial”, en: R. VILLARES (ED.), *Historia de Galicia. Vol. 3 La época moderna*, Vigo, Faro de Vigo-Caixavigo 1991, 524-525.

### 5.1 Poboación e estamentos sociais

Nas provincias litorais galegas, os mediados do século XVIII, son anos de regresión do esforzo demográfico. A poboación coutase por vía da restrición da nupcialidade, retraso na idade do matrimonio, redución da duración dos matrimonios e elevación do celibato feminino e de reactivación da emigración. Se reparamos no tamaño das familias, este aumenta paralelamente ao prestixio social e ao nivel de fortuna. Os grupos domésticos nos que por media viven máis persoas son os da nobreza e o alto clero, nos que menos os dos pobres, nos do primeiro grupo acollen 7 persoas por fogar, no segundo non chegan a 2, entre ambos extremos a burguesía mercantil e administrativa, que acadaba valores próximos á nobreza amosando fogares que acollen a 5 membros que se reducen a 4 nos campesiños e a 3,5 nos de artesáns e pequenos comerciantes<sup>27</sup>.

#### a) Fidalgos

A fidalguía rural, aínda que menos forte que a urbana, vivía de rendas, da explotación de gando e da parceria. Este grupo distínguese polos seus elevados ingresos e xeito de vida, a posesión de bens raíces e a residencia en vivendas amplas, capaces de aloxar a un numeroso e variado servizo.

Se queremos calibrar o peso que estes bens tiñan no patrimonio dun fidalgo rural, pódenos servir o declarado polo veciño de Maianca **José Somoza Monsoriu**<sup>28</sup>, Capitán de Grandezas do Rexemento de Milicias da Provincia de Betanzos. Tiña un pazo no lugar de Gándara, que hoxe xa non existe. Casou con Ánxela Pardo Patiño, da familia dos señores de Meirás, a familia paterna da Condesa Emilia Pardo Bazán e, posiblemente, fose irmán de Francisco Somoza Monsoriu, Rexedor Perpetuo de A Coruña e prestixioso economista, un dos primeiros reformadores ilustrados galegos. En 1760 tiña cinco fillos, dous deles tamén oficiais no seu mesmo Rexemento, outro cursando estudos, un negro escravo, un criado miliciano, un capelán e catro criadas. A súa fortuna estaba composta polos seguintes tipos de bens: En Maianca, ademais dun forno para cocer tella que lle rendía uns 60 reais anuais, era dono de catro casas –entre elas a casa pazo- (34 reais de aluguer), 62 ferrados de terra de diversa condición en Gándara, Mera, Corrella e Xentiña, e en Serantes era propietario de tres casas máis no lugar de Agra (dúas casas terreas e outra cun alto), que os peritos valoran en 21 reais de aluguer anual. Posuía un total de 35 ferrados de terra de diferente calidade, dous xornais de viña cercada (equivalente a un ferrado de terra) no lugar de Pumariño, 100 ferrados de bosque e un prado de regadío no Río de Agra, que lle habían render a cuarta parte do quiñón do producido. Aplicando un rendemento medio do 6%, este militar podía obter un rendemento de máis de seis mil reais anuais, o que suporía un 2,6% do valor de conxunto do produto parroquial anual.

En Maianca tamén son nomeados coma fidalgos: **Adrián Planchón**, tenente do mesmo rexemento que Somoza Monsoriu, casado e que vivía nunha casa no camiño que levaba á igrexa parroquial coa súa sogra e dúas criadas. En Serantes tamén tiña bens e terras nos lugares de: Fonte de Abaixo, Pedreira e Igrexario. Obtiña proveito destes bens e rendas por herdanza do presbítero Isidro Chancela, tío da súa muller. A súa declaración contén 69 partidas de terras e de propiedades de gando. **Juan de Ponte y Andrade**, solteiro que tiña

<sup>27</sup> Cf. C. FERNÁNDEZ CORTIZO, “La población de Galicia”, en: *Ibid*, 542-543.

<sup>28</sup> Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, *O. c.*, 297-298.

un criado e unha criada e que declaraba tamén bens propios na parroquia de San Salvador de Barbeito (Vilasantar). E, por último, **José de Ponte**, sen máis referencia de que estaba casado e con tres fillos.

b) Leigos ou Particulares

En Serantes, aparecen 46 veciños censados, máis outros 66 denominados forasteiros, é dicir veciños non orixinarios que tiñan propiedades ou rendementos económicos no seu territorio. En Maianca, noméanse un total de 204, aínda que máis de dous terzos dos mesmos poderían seren considerados, igualmente, coma forasteiros ao declararen propiedades bens raíces ou herdanzas na parroquia, porén seren veciños doutras, ou mesmo da cidade de A Coruña.

c) Eclesiásticos

O único nomeado é o crego de ámbalas dúas parroquias: **Francisco Antonio Pereira**. Empezara coma coadxutor de Domingo Antonio Sánchez Couceiro, que estivera de Párroco entre 1730 e 1753. Falece en Serantes o 7 de xullo de 1777, sendo soterrado na mesma parroquia logo de 32 anos de estadía na mesma. Sucedeulle Francisco Ramón de Seder Castrillón. Beneficiábase dunha casa dun alto, no lugar do Salgueiral; de quince ferrados de terra de semente de diversa calidade no sitio de Brañas; dous ferrados e medio de prado de regadío e outros dous de monte baixo. Tamén declara ter coma patrimonio: unha parella de bois, unha baca con tenreira dun ano, unha xata de dous anos, un poldro de dous anos, unha porca con dous leitóns de dous meses, e catro porcas castradas de dous anos.

En Maianca tiña bens **Domingo Santiso de la Vega**, Cóngo de Santa María del Campo, herdados do seu tío e tamén presbítero Andrés de la Vega. Declara a propiedade de dúas casas e unha bodega radicadas en Broño que, segundo os peritos, suman un aluguer anual de oito reais. Tamén declara coma bens raíces dous xornais de viña en Carreira, gando vacún e porcino, e 38 colmeas.

## 5.2 Agricultura

Os datos que nos achegan os cuestionarios reflicten a situación xeral da agricultura en Galicia a mediados do século XVIII. O campesiño galego mantiña unha boa organización do cultivo das súas terras, había unha rotación de cultivos, parte do labrado regábase e ían a menos o cultivo do liño o mesmo que o do viño pois cumpría a produción de cereais. O gando vacún, encortellado, daba esterco para as terras<sup>29</sup>. O cultivo de trigo, maízo e liño, van nesta orde: un ano, trigo, ao seguinte maízo, e ao seguinte liño. O centeo sementábase, preferentemente, en terras de 2ª e de 3ª calidade. Un produto moi axeitado á orografía galega, con capacidade alimenticia tan potente como a do trigo, e cun rexistro de aproveitamento da palla. Cultivábase cunha rotación de ano si, ano non, un de cultivo, outro de barbeito. A rotación facíase tamén cos produtos: nunha terra podía haber este proceso: un ano trigo, outro maízo, ao terceiro liño ou centeo, e volta de novo. Podía

---

<sup>29</sup> “Las viñas, árboles, los prados, todo recibe aumento con los estiércoles. El labrador con los frutos que le suministra el ganado consume muchos menos granos. La leche, el queso y la manteca, al paso que son su regalo, minoran el gasto de pan. Esta le ahorra el de aceite en la cocina, así como el sebo del alumbrado. El queso y la manteca impiden en estas provincias septentrionales la asombrosa introducción que se hace de los dos ramos en los países meridionales de España, y que cuestan a la nación muchos millones”, en: *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez*, Vigo, Galaxia 1973, 119-120.

rotarse cunha terra enteira, ou rotarse con parcelas dunha mesma peza de terra. Nos meses de agosto recóllíanse o trigo, o centeo, a cebada e o millo miúdo; en outubro o viño; en novembro e decembro o maízo e as fabas. Os outros meses supoñían certa carestía nos fogares, pois non abundaban as legumes.

As características morfolóxicas das terras parroquias veñen descritas deste xeito:

Maianca: Su extensión a lo largo mide una décima parte de una legua<sup>30</sup>, y de Norte a Sur la sexta parte. Su circunferencia media legua, necesitándose por su quebrada situación tres cuartos de otra para caminarsse (...) Está muy expuesta al viento de oeste, que también es llamado de Travesías y que es tan continuo que repetidas veces en verano e invierno abrasa las mieses" (...) Su término es de secano y se compone de tierras de sembradura, cuya primera calidad produce trigo y maíz, y las de segunda y tercera maíz y centeno. Se invierten de centeno y maíz, de mijo menudo y centeno, y de centeno solo con un año de intermisión o descanso. Tierras asignadas únicamente para planta de legumbres y hortaliza hay muy corta porción. Y para el uso de los naturales y manutención de los cerdos, se mudan todos los años a las tierras laborables. Hay viñas y árboles dispersos, prados para pasto de ganados y montes altos y bajos. La medida de tierra de sembradura de labradío de cualquiera calidad, requiere cuatro araduras al año que valían en cuatro reales el menoscabo de la reja y arado en dichas cuatro araduras. Tasan en real y medio el abono o estiércol que se hace en el establo de ganados y es regular un carro a cada medida de tierra regular en seis reales, pero por algún ingenio de poca consideración le bajan la tercera parte; la conducción del abono un real, allanar la tierra dos veces al año y pasar el abono un real y medio, el tiempo que se invierte en quebrar terrones, sembrar, secar y trollar cada medida de tierra, real y medio; abrir zanjas a las aguas, cerrarlo y visitarlo de cuando en cuando un real; el escarbarlo y sacarle las malas hierbas, un real, segarlo, juntarlo, hazarlo y conducirlo a la harina dos reales, cuyas partidas por la Regulación que tienen especificada componen diecisiete reales y medio, y adjuntándole el importe del grano que se derrama o siembra en cada medida de tierra y el diezmo se tiene en conocimiento, que cuanto producen las tierras no cubre sus gastos (...) Que las huertas en sus respectivas calidades no se diferencian de las tierras de sembradura a donde se midan conforme cuadra, y lo que se experimenta es que en el término no se comercian legumbres y menos fruta a parte alguna por su poquedad y ruindad, y tomo para plantar las coles se compran en La Coruña y Betanzos, pidiendo una cava al mes y doble abono que el maíz viene a computarse (porque no paga diezmo ni pide siembra) la medida de huertas en igual a las tierras de sembradura (...) Los prados de regadío, los de secano y los juncales laguminosos situados en los bajos con difícil salida de sus aguas al mar, impiden su aprovechamiento en la utilidad de ganados y por no sembrar ni haber comercio alguno de sus pocas y malas hierbas dejaron de darles estimación y valor.

De Serantes escríbese que ten:

Una extensión de Poniente a Levante de una sexta parte de una legua, y de Norte a Sur lo mismo, y su circunvalación hasta dos terceras partes de una legua, tardando una hora y media en andarse de un extremo a otro (...) Que esta feligresía está situada el descubierta y desamparo de la mar y costa brava combatida de la travesía que es el Poniente y Norte sobre la llamada Marola, siendo tanta la rapidez de esos vientos que, como fuego ardentísimo, no consiente arboleda. Abrasando en tal manera los montes, que no se verifica en cuarenta años suba su tronco a la altura de un hombre. Con que si esto se experimenta en unas especies de tanta resistencia, qué concepto se formará a vista de la delicadeza de trigo, centeno, maíz y

<sup>30</sup> Unha legua castelá equivale a 4,8280 quilómetros.

vino (...) Que las heredades deben cerrarse para el resguardo de fruto y al no haber piedra con qué hacerlo se las aseguran haciendo vallado con tierra sola (...) Que no es muy favorable a sus naturales el hallarse en ella más de seiscientos ferrados de arenales, que no se ocultan de la ciudad de La Coruña y cómo estos con cualquier ventisca, se esparcen sobre la tierra. Su fogosidad en verano causa la escasez que se debe considerar en los frutos del término.

A terra era medida en capacidade coa medida do ferrado que tiña este cálculo:

Los peritos arreglaron en el reconocimiento la medida de tierra de un ferrado de centeno de sembradura por veintiocho varas en cuadro, la que se usa en el término, y ser precisas las referidas varas de tierra para sembrar una medida de centeno, y según ella debe entenderse van arregladas (...) Para sembrar un ferrado de centeno se necesitan veintiocho varas de tierra de largo y veintiocho de ancho (...) Y si dicha medida de tierra se sembrase de trigo o cebada, requiere las tres cuartas partes de un ferrado; si de mijo menudo, maíz y habas la tercera parte, componiéndose la expresada medida de dos jornales de viña.

Verbo da produtividade e rendementos, aparecen recollidos algúns laios por parte dos redactores:

Que se ha seguido en cinco años consecutivos antecedentes tan corta cosecha de pan y vino que si por ellas regulasen las tierras, no podían considerar 15 reales cada año a la primera calidad, a la segunda la mitad y nada a la tercera (...) Las tierras de sembradura de labradío y hortalizas con ordinaria y regular cultura, computadas por cuatro quinquenios anteriores, reducido a dinero cada medida de ella producen 24 reales la de primera, 14 la de segunda, y la de tercera 7. Dicha tierra plantada de viña, de primera calidad 16 reales, de segunda 12 y de la tercera 6. La de montes bajos cerrados que producen tojo de primera calidad en 2 reales, de segunda 1, y de tercera 16 maravedís. Los comunes, en cuanto al pasto, de primera 16 reales; de segunda 8 y 64 maravedís de tercera.

O ferrado de trigo, que ocupa sempre as terras de mellor calidade, daba 4 ferrados de gran por ferrado de terra. O ferrado de maíz, entre 5 e 10 ferrados de gran por 1 ferrado de terra de 1ª calidade; e de 3 a 6 por cada 1 nas de 2ª e 3ª. Prezo: de 4 a 7 reais o ferrado. O ferrado de millo miúdo de 2 a 7 reais. O centeo, normalmente, plantábase en terras de 2ª e 3ª pero o cultivo do centeo en terras de 1ª calidade obtiña 5 ferrados de gran por un ferrado de terra. A de 2ª calidade da entre 3, 4 e 6 ferrados. Os prezos oscilaban sempre entre 3 e 4 reais por ferrado de gran. O prezo dun ferrado de fabas, estaba entre 5 e 6 reais<sup>31</sup>.

Non atopamos mención ás patacas. A pesares de que o tubérculo xa se documenta en 1736 na provincia de Mondoñedo, o certo é que nos cuestionarios manexados é aínda un cultivo de escasa relevancia.

O aspecto técnico non mudara moito dende a época medieval: non se traballa co arado de ferro, senón co de pau. Non todos os labradores tiñan carro, abundan sachos, aixadas, machadas, podas, e fouces. Canto máis pobres eran as ferramentas o labrador máis horas de traballo lle tiña que dedicar á explotación. Tampouco se recollen referencias de fertilidade do solo co uso de conchas mariñas típica dos terreos litorais.

No que se refire á viticultura o terreo deixado ás viñas é escaso por mor da súa cativa produtividade. En Maianca:

---

<sup>31</sup> Cf. I. RIONEGRO FARIÑA, *La producción agraria de Galicia interior a finales del Antiguo Régimen: Dos comarcas de Ourense*, en: "Historia Agraria" 18 (1999) 181-199.

Dos jornales de viña componen un ferrado, o medida de tierra y esta, siendo de primera calidad, requiere tres cavas al año, y las de segunda y tercera dos, que regulan unas con otras en seis reales. La poda de ellas se compensa con los sarmientos. Los mugrones al año tienen de coste un real, y si no se echasen acabarían su vida a los cuarenta años, para venir a nuevo y costosísimo plantío con seis años de cría, repararlas, cerrarlas, vendimiarlas, conducir el fruto, estrujarlo y encubarlo en dos reales, y descontando de su producción el diezmo, cuasi se va lo comido por lo servido, y sin embargo les darán alguna utilidad en su lugar.

#### En Serantes:

Las viñas requieren tres cavas las de primera calidad, y las de segunda y tercera dos, cuyo coste junto con el que se recoge en mugrones, cerrarlas, visitarlas y vendimiarla, conducir el fruto, estrujarlo y encubarlo (y aquí los sarmientos compensan la poda) es de tal manera que de pagado el diezmo no dejan de útil la quinta parte de su producción.

Se ben o encarecemento do transporte dende o Ribeiro favorece a produción do viño nas Mariñas betanceiras, o certo é que ao longo do século XVIII unha serie de circunstancias case arruinan a produción de viño na provincia Betanzos: a pobreza alcohólica dos viños, a competencia dos viños doutras zonas, especialmente da zona sur galega e os fomentadores cataláns, co que comeza unha lenta decepción en toda a zona<sup>32</sup>. O azume pagábase a un real de vellón.

Respecto das árbores, na información achegada, que corresponde ás 6ª e 7ª preguntas do cuestionario, en Serantes descríbese que, ao abeiro das casas sitúanse ás árbores froiteiras con escaso rendemento. Castiñeiros di que só hai un de milagre. Carballos atópanse: “En la dehesa de S.M. y de tal magnitud que hallándose algunos plantados hay más de cien años, no levantan del suelo tres varas y su grueso equivale al de una pantorrilla delgada de un hombre”. Os álamos non chegan a medio cento mesturados entre froiteiros sen que merezan moito aprecio. En Maianca, as especies rexistradas son froiteiros, castiñeiros e álamos espallados polas terras e camiños, sen que se rexistren soutos con porcións importantes.

En conclusión, podemos dicir que dominaba a agricultura de autoconsumo. Prodúcese para pagar rendas e para non ter que mercar nada. O maízo (tamén chamado millo grosso para distinguilo do millo miúdo), aínda que levaba pouco tempo implantado en Galicia, xa amosa suficiente influencia para alimentación de persoas e gandos, así como practica agraria. Aínda non se coñece a pataca e o liño vai desmerecendo coma cultivo para fornecemento de vestido, sendo substituído polo produto chegado das fábricas de lenzos e da introdución de liño en rama a través dos portos. O territorio cultivado oscila entre un 15 ou 20%, aínda que xa se sabe que os datos dos cuestionarios están minguados. O minifundio estaba presente causando atraso pois a explotación media non superaba as dúas hectáreas de extensión.

### 5.3 Gandería

O gando era indispensable para a labranza, co que o seu uso e explotación tamén mudou ao mesmo tempo que mudaba a agricultura. Esterco, forza de traballo, leite e cartos era o que o campesiño sacaba do gando. Practicamente non había casa de labranza destas parroquias que non tivera unha parella de bois, abundando, por esta orde, o gando

<sup>32</sup> Cf. E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *Historia de Galicia*, A Coruña, La Voz de Galicia 1980, 505-506.

ovino, vacún, porcino e equino<sup>33</sup>. En Serantes había unha media de 1,7 cabezas de gando vacún por veciño e de 3,3 de gando ovino. **Xoán Pereiro**, veciño de Xoez, era o posuidor do maior número de cabezas de gando: 4 bois, 1 vaca, 1 tenreira, 18 ovellas, 5 porcos e 1 egua. En Maianca, a cabana era menor, algo explicable por haber menos poboación. Con todo, a proporción resulta similar, sendo o veciño do Camiño á igrexa, **Felipe da Portela**, o que máis cabezas declara: dous bois, 1 vaca, 1 tenreiro, 31 ovellas, 2 porcos e 2 cabalos.

Verbo da súa produtividade, o escribán recolle este testemuño:

De la leche no se saca otra utilidad que la manutención de la cría y no haberse visto fabricar queso y mantequilla motivado de la escasez de hierbas y pastos (...) Las vacas en el decurso de los cuatro a diez años de su vida, paren cuatro crías, dos machos y dos hembras, y ternero o ternera de un año separado de la madre regulan en 34 reales; de uno a dos años en 32 reales; de aumento de dos a tres en 30 reales y de tres a cuatro la ternera que ya es vaca y viene parida en 33 reales. El novillo que ya es buey en 44 reales y porque dicho buey tiene que crecer hasta los cinco años, le aumentan 36 reales. La yegua que por falta de parte correspondiente no procrean mulares le consideran igual procreación que a la vaca, y el potro separado de la madre al año tasan 20 reales; de uno a dos años 12 reales; de dos a tres lo mismo; y de tres a cuatro que no tiene más aumento de los dichos 12 reales. De la potra separada al año, 33 reales. A una oveja o cabra que consideran seis crías en su vida y viene parida a los tres años regulan su cría, macho o hembra, a los seis meses en 4 reales de dicha edad hasta el año; en 2 reales de un año a dos en otros 2 reales; y de dos a tres en que todo cesa, los mismos 2 reales y a cada oveja y carnero medio real de vellón su lana. Una cerda en el decurso de su vida para cuatro lechoncitos y a los seis meses tasan en 6 reales ya sea macho o hembra; de seis meses al año en 10 reales; de un año a dos en otros 10; y de dos a tres en que se matan los mismos 10 reales y aunque esta especie de ganado tenga menos valor al tiempo de matárselo, no se lo consideran porque dos meses antes se encierran y engordan a fuerza de grano y harina, cuyo fruto queda considerado en las tierras de sembradura.

#### 5.4 Apicultura

Trátase dunha actividade principalmente colleitadora e con escasa inversión de capital e traballo, e que proporcionaba dous importantes produtos aos habitantes rurais: mel e cera. O primeiro, dedicado ao autoconsumo, utilizábase coma edulcorante e mesmo coma medicamento. O segundo, a cera, era un produto vendible e que tiña valor de cambio por si mesma. En Serantes aparecen rexistradas 17 colmeas. Seis, radicadas no lugar de Agra, pertencían a **Miguel de Lugrís**, unha a **Domingo Portela o maior** do lugar de Punxeiro; **María de Castrís** tiña cinco máis en Xoez e **Ana Valdonedo** fora propietaria doutras cinco, deixándoas en herdanza á Confraría de Ánimas radicada na igrexa parroquial de San Xurxo de A Coruña. En Maianca, os xa mencionados capitán Xosé Monsoriu e o cóngo Domingo Santiso de la Vega, declaran ser posuidores de 5 e 38 colmeas, respectivamente.

Os informantes explican que esixían un coidado intenso entre os meses de maio a setembro, merecendo especial atención nesas semanas, á recollida de novos enxames e á fabricación de novos cortizos, ademais de sacar o mel e maila cera. Segundo o cuestionario, a cada dono rendíalle anualmente un real de vellón por colmea. Estas colmeas, que en Galicia tamén se denominan covos, trobos e cortizos, estaban construídas en cortiza ou rolla

---

<sup>33</sup> Cf. Apéndice nº 2.

e, nesta época, que o propio *Catastro de Esenada* tivera unha pregunta específica sobre o seu número, indica a súa importancia coma actividade agraria relevante<sup>34</sup>.

### 5.5 Actividade mariña

Neste tempo, o grupo social dos pescadores estaba integrado por mareantes agremiados, pois en 1748 implantárase a *Matricula de Mar*<sup>35</sup>. A Matricula agravou o estado no que se atopaba a pesca, ao levar para a Armada moitos mareantes, principalmente para as guerras da segunda metade do século XVIII. Pola documentación manexada só atopamos a mención de tres matriculados, que non se dedicaban exclusivamente ao exercicio da pesca senón que a compaxinaban coa agricultura de subsistencia.

Tal é o caso de **Bartolomé de Lago**, veciño de Maianca maior de 60 anos e viúvo, que vivía coa súa filla casada con Silvestre Lugrís con cinco fillos menores de idade. Ademais de labrador matriculado, declara que é dono dunha terceira parte dunha dorna. As outras dúas partes eran de Andrés de Cantos, veciño de A Coruña, e de Ana Baldonado que, ao finar, deixoulla en herdanza á Confraría de Ánimas da igrexa de San Xurxo de A Coruña, que lle producían unha ganancia anual de 60 reais “libres de composturas y arreglos que pide”. Bartolomé tamén declara uns 100 reais adicionais pola súa actividade como labrador. A dorna era unha embarcación de manga ancha, quilla corta, remo grande e dotada dunha vela cadrada. Normalmente, podían transportar entre 20 e 25 bocois. En Serantes había dúas dornas, unha propiedade de **Andrés de Neira** e, aínda que chegaba a gañar 50 reais ao ano, naquel momento non navega e estaba a seco no monte, e a outra que pertencía a **Miguel Álvarez** que só navegaba polo verán por falla de mariñeiros, declarando o propietario que, logo de cubrir os gastos de reparacións, a súa actividade rendía uns 30 reais anuais. En Maianca tamén aparece referido como mariñeiro matriculado **Bartolomé García**, embarcado nos navíos da Ría de Ferrol, que declara 60 reais de utilidade ao ano. Por aquel entón, Ferrol xa estaba a servir coma base da política naval da Coroa, grazas á construción do seu Arsenal entre 1740 e 1749.

Nesa segunda metade do século XVIII, en Galicia o da pesca era un sector en franca crise, por mor da liza entre as artes tradicionais (liñas, anzois e nasas que requirían o traballo dos membros da familia) e o máis complexo das xávegas, traídas polos fomentadores cataláns asentados na Coruña, nos alpendres da salgadura de A Palloza, ou o que era o mesmo entre a escasa competencia das capturas feitas polo sistema tradicional de pesca contra os novos aparellos introducidos polos fomentadores cataláns, pois cunha xávega (pesca de arrastre) e non coa traíña, pescábase 36 veces máis<sup>36</sup>.

<sup>34</sup> Cf. D. COPENA RODRÍGUEZ, *La industria agrícola cerera en el rural de Galicia (1750-1959)*, en: “Revista de Historia Industrial” (2018) 74, 13-42.

<sup>35</sup> A *Matricula de Mar* foi un sistema de inscrición marítima que buscou mellorar a oferta de tripulación para a Armada. O rexistro de mariñeiría, maestranza e embarcacións confiouse ao persoal do Ministerio de Mariña. Teoricamente, o servizo naval compensoase con privilexios de orde militar (exención de quintas e levas para Exército), xurisdiccional (o foro de Mariña) e mesmo económico (exclusividade das actividades marítimas). Á falla de verdadeiros incentivos uniuse a conxelación salarial. Uns soldos que ao igual que as pensións de invalidez e viúvedade aboáronse con considerable retraso, causa fundamental das desercións. A matricula foi complicada de xestionar, posiblemente desalentou as inversións no sector pesqueiro, non foi quen de acadar o alistamento e control de tódolos profesionais do mar nin cubrir por completo as demandas dos homes para a Armada en tempo de guerra. Cf. J. M. VÁZQUEZ LIJÓ, *La Matricula de Mar en la España del siglo XVIII: registro, inspección y evolución de las clases de marinería y maestranza*, Madrid, Ministerio de Defensa 2007.

<sup>36</sup> Cf. L. ALONSO ÁLVAREZ, *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen (1750-*



### 5.6 *Industria*

Descríbimos a actividade que, naquel contexto, supoñía calquera transformación dunha materia prima. Neste senso, mesmo a artesanía é unha industria. O labrego facía no seu tear as mantas, que abatanaba na morea de batáns que había nos ríos. Nas casas tamén se facían roupas de lá e liño para o uso diario. Actividades difíciles de estudar. Nas vilas de certa importancia esta actividade estaba regulada pola organización gremial. Toda unha estrutura non deixaba industrializar Galicia: unha agricultura de autoconsumo, onde os campesiños case non tiñan capacidade de demanda -por iso miraban de mercar o menos posible-, unhas clases rendeirás que estarrican o que poden para que as cousas non cambien, a falla de gremios, unha burguesía dedicada a comprar foros... Lucas Labrada di que a finais do século XVIII en todas as comarcas do chan galego as primeiras industrias son as dos lenzos. Nas parroquias que nos ocupan atopamos estas referencias:

#### a) Telleiras

Son varios os autores que constatan o descoñecemento do valor patrimonial da ceramología en Galicia, e máis especificamente no concello de Oleiros<sup>37</sup>. En Maianca, aínda que os peritos sinalan que sen moita utilidade, había tres fornos de cocer tella, e que aparecen a cargo de: **María Méndez** e consortes; **José Somoza** (que rendía 15 reais ao ano); e a radicada no sitio de Mera de Maianca, propiedade de **Andrés de Cantos**, veciño de A Coruña mais con casa e terras no Punxeiro de Serantes, que producía anualmente 27 reais. Nada se di da súa construción ou da súa orixe, só da propiedade. Porén, admitimos a existencia de lugares de extracción da materia prima grazas á toponimia, coma por exemplo Agra da Barreira ou Río da Barreira. Estas telleiras serían aproveitadas para facer ladrillos co barro rico en xistos. En calquera caso, nesta época, non deben entenderse coma grandes industrias, senón coma sinxelos obradoiros de artesáns que, co tempo, han de conformar unha singular rede industrial.

#### b) Muíños

En Galicia, falar de muíños é referirse a unha das construcións máis emblemáticas, pois foron clave para o desenvolvemento da economía de subsistencia no rural dende hai séculos. A máis de moer cereais, desenvolveron unha cultura popular ao seren lugares de xuntanza logo de xornadas de duro traballo. Cando se trouxo de América o gran artífice da revolución demográfica do século XVIII en Galicia, o maízo, foron varias as enerxías empregadas para a moenda: Vento, forza das mareas e os ríos. No rural, normalmente existían dúas clases: os denominados *muíños de herdeiros* construídos e costeados por familias ou parroquia, e os denominados *muíños de maquia*, construídos por unha única familia ou un particular economicamente ben fornecido quen o traballado pedindo en troques unha parte da moenda que chamaban *maquia*.

En Maianca danse conta da existencia de nove muíños e documéntanse vestixios doutros dous máis. Segundo se di, adoitaban ter unha única roda e só moían entre catro e seis meses ao ano con auga corrente e “para los dueños e interesados en ellos sin maquia ni otra paga, los cuales libres de desperfectos, reparos y composturas, regulan en la manera siguiente”:

---

1830), Madrid, Akal Editor 1976, 108-109.

<sup>37</sup> Cf. S. E. GONZÁLEZ AMADO, “Dos patrimonios desconocidos: La primera fábrica de loza fina en Galicia en Dorneda y las telleiras de las Brañas de Sada”, en: *La cerámica en Galicia. De los castros a Sargadelos, Actas del XIV Congreso anual de la Asociación de Ceramología*, Santa Cruz, Museo de Oleiros 2009, 61.

Propietario	Ubicación	Renda anual
Ignacio de Vilar de Francos, presbítero veciño de Santiago	Caruedo	30 rs.
Andrés de Vilar de Francos, irmán do anterior	A Riva	40 rs.
Antonio Donato Risel, veciño de Trujillo	A Chancela	30 rs.
Francisco Antonio de Lago, veciño de San Estevo de Cos (Abegondo) e a súa esposa Josefa de Toimil	A Chousa	40 rs.
María Méndez e a súa filla Silvestra	Muíño de afora	40 rs.
Ana Baldonado e súa fundación que deixou para a Confraría de Ánimas da igrexa de San Xurxo de A Coruña	Mera	40 rs.
Juan de Neira	Río da Chousa	30 rs.
Ignacio de Otero, veciño de Dexo	( <i>Non consta</i> )	40 rs.
Andrés de Cantos, veciño de A Coruña	Prado Novo	107 rs.

En Serantes, pola contra, ao non haber mellor condición hidráulica, só se consigna a existencia dun muíño do que era propietario **Xoán Salvador do Pereiro**, sen especificar o lugar da súa radicación e que, segundo declara, só moía catro meses ao ano rendéndolle 14 reais anuais.

#### c) Tabernas

Certifícase que en ámbalas dúas parroquias carecíase de tabernas ou abastecedores de viño.

#### d) Transformación do liño

Aínda cando polos datos ofrecidos coidamos que este sector ía a menos, e mesmo non hai referencias á existencia de teares, non había casa onde non se cultivase liño. De feito, estipúlase que nos arrendos de casas había que engadir unha peza de terra anexa á vivenda para, a máis de froiteiros e hortalizas, sementar liño. E mesmo se non o había podíase traer importando en rama dende o Báltico. Para traballalo non cumpría unha formación especial e o instrumental era barato. Facíase en horas desocupadas ou durante as tarefas que permitían manexar fuso e roca (cociñar e coidar gando) ou cando no podían facer outra cousa (anciáns). Unha vez cuberto o consumo doméstico, os produtos de liño vendíanse nas feiras<sup>38</sup>.

### 5.7 Foros e cargas contributivas de carácter leigo

O foro era un contrato de arrendamento a moi longo prazo. O foreiro adquiría o útil, é dicir, o dereito a traballar unhas terras mentres durase o contrato, a cambio dunha renda que normalmente pagábase en trigo ou centeo, en vez dunha renda fixa. Esta renda sabida podería ser menos pesada para o labrego pois si aumentaba a produtividade o beneficiado

<sup>38</sup> Cf. O. REY CASTELAO, *Casas y cosas en la Galicia occidental del siglo XVIII*, en: “Cuadernos de Historia Moderna”, XIV (2015) 211-233.

era el, pero se a colleita era mesquiña -cousa que acontecía a miúdo- tiña que pagar o mesmo que se era abundosa, porén, en realidade, axiña ampliouse a máis cargas como décimos, loitosas, quiñóns e laudemios. Foi o instrumento xurídico de que se valeron as clases dominantes para percibir rendas. No tocante ao peso das rendas, estas admitían moitas variacións. Si eran ao quiñón, era un 25%. Entre unhas e outras cousas íaselle a metade do recollido. Cómpre ter en conta outra cousa: sendo as explotacións tan cativas, ao foreiro non se lle podían impoñer grandes rendas, xa que non sería quen de pagalas. Un campeño que recollese 100 fanegas de pan, se cadra, podería pagar 40 ou 50 de renda, porén un que normalmente non pasase de 20 fanegas non lle sería doado pagar 5 de renda, pois todo lle sería pouco para manterse el e maila súa familia.

O sistema fiscal da coroa de Castela, vixente a comezos do século XVIII, caracterizábase pola súa complexidade, con un gran número de figuras tributarias e por unha forte imposición de natureza indirecta, sobre a que recaía o groso dos impostos en detrimento da importancia das rendas de carácter directo. Esta fiscalidade sustentábase, principalmente, sobre o comercio, tanto interior como exterior, sobre as rendas do campo e sobre o consumo, deixando á marxe da tributación aos grandes terratenentes, aos nobres e ao clero. Tres eran as institucións que tiñan capacidade fiscal independente: A Coroa, o Reino e a Igrexa<sup>39</sup>. As cifras dos *Mapas Generales* do Catastro ofrecen unhas consideracións verbo de como era o reparto das rendas na Galicia de mediados do século XVIII. Os rendeiros leigos tiñan ingresos procedentes, sobre todo, de contratos de foros (un 80% do conxunto total de rendas percibidas); os eclesiásticos tiñan o seu principal soporte nos décimos (o 56%) e un 36% máis en foros<sup>40</sup>.

#### a) O Servizo

Era é un dos impostos directos da facenda da Coroa de Castela no Antigo Réxime que, nesta época, xa integraba aos antigos tributos de *millones* e *cientos*. De orixe medieval, viña xustificado pola condición de vasalaxe ao Rei en compensación de certos servizos, preferentemente de armas e que só aboaba o pobo sinxelo. Estiveronse esixindo até que foron incorporados nas alcabalas pola Real Orde de 29 de xuño de 1785<sup>41</sup>. Os datos poñen de relevo que os dereitos que El Rei percibía nestas parroquias eran xa máis simbólicos que gravosos, como recoñecen os propios escribáns que especifican que “no regulan interés alguno”.

#### b) Dereitos de Señorío

Trátase dunha contribución de reivindicación do dominio e das relacións de explotación. “La Condesa de Lemos<sup>42</sup> por vasallaje percibe de los naturales de Maianca, de cada vecino

---

<sup>39</sup> Cf. ID., “La Hacienda y la Fiscalidad en la Galicia del siglo XVIII”, en: AA.VV., *Fuentes para el estudio del siglo XVIII en Galicia...*, O. c., 47.

<sup>40</sup> Cf. M. C. ANGULO TEJA, *La Hacienda española en el siglo XVIII. Las rentas provinciales*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, = Historia de la Sociedad Política 2002, 160-174.

<sup>41</sup> Cf. P. SAAVEDRA, *Aportación al estudio de las rentas provinciales de la Galicia del Antiguo Régimen*, en: “Revista de la Facultad de Geografía e Historia”, 4(1989) 585-622.

<sup>42</sup> No momento da redacción destes instrumentos e apeos refírese a Rosa María Fernández de Castro (1691-1772), XII Condesa de Lemos, que morrera sen descendencia pasando o seu título ao seu sobriño o Duque de Béjar.

de mayor caudal tres reales y dos gallinas (o real y medio por cada una); de los de mediano una y un real y medio; y de los de menor, una gallina solamente, cuyo derecho importa al año 93 reales. Un total de 335 reales”. En Serantes: “Percibe de cada vecino, cabeza de casa de mayor caudal, tres reales y dos gallinas, de los de mediano, una y real y medio, y de los de menor solamente una gallina, que importa al año 130 reales más otros 25 reales y 7 maravedís”.

#### c) Lutuosa

O dominio señorial, ademais dos dereitos de vasalaxe, engadía a lutuosa que percibía no pasamento de cada cabeza de familia, consistente no pago dunha “alhaja cuadrúpeda, arca o bufete”, o que evidencia que se fixarían en función do capricho da casa condal<sup>43</sup>. En Maianca, polo mesmo concepto, a Condesa de Lemos percibía de cada veciño de casa que morría casado, viúvo ou solteiro a mellor peza de gando cuadrúpede, arca ou bufete que, segundo os peritos no último quinquenio, regulárase en 55 reais anuais. En Serantes, a lutuosa podía ascender a 22 reais de vellón anuais.

#### d) Décimos

En Serantes, a Condesa de Lemos, percibía a metade dos froitos que producían as súas terras no termo, que ascendían ao ano. En Serantes: 55 ferrados de trigo; 100 de maízo, 55 de centeo, 8 de fabas, 12 de millo miúdo e 200 azumes<sup>44</sup> de viño; en Maianca percibía 335 reais polos décimos e outros 55 pola lutuosa<sup>45</sup>.

#### e) Arrendos

Aínda que fose unha tenencia pouco xeneralizada, en Galicia tamén había arrendatarios. O arrendo tratábase dun contrato de cesión do uso dunha cousa por tempo determinado e a prezo certo. Era máis gravoso para o campesiño que o foro pois aboaba máis cantidade de renda. Adoitábase a usar cando a terra anexa á casa familiar xa non chegaba e cumpría traballar máis terras fora do núcleo familiar. En Maianca:

El estilo y práctica de arrendarse las tierras de los eclesiásticos, se debe solo apreciar por regla presuntiva y atender que de lo que percibía el Dueño se paga el diezmo además de concurrir con porción de la siembra, y a su recogida con los gastos de una persona que le representa en la partición, siguiéndose los de la conducción y más que queda significado. Y cuanto a las huertas es regla general en este país, aplicar con la casa al colono una porción de tierra para huerta y siembra de lino, y además los pastos, montes y todo género de árboles que haya, y lo que se paga por estos son cuatro ferrados de trigo y dos gallinas y, dado el caso se arrendase separado un ferrado de tierra para hortaliza de primera calidad sería por un ferrado de trigo, y cuando más seis reales de vellón.

<sup>43</sup> Cf. R. GUNTIÑAS RODRÍGUEZ, *El sistema impositivo vigente en la Tierra de Lemos en el siglo XVIII*, en: [www.estudioshistoricos.com](http://www.estudioshistoricos.com) (Asociación de Estudios Históricos de Galicia). Tamén: M. J. BAZ VICENTE, *Señorío y propiedad foral de la alta nobleza en Galicia, siglos XVI-XX: la Casa de Alba*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Serie Estudios nº 121, 1996.

<sup>44</sup> Uns catrocentos litros, aproximadamente.

<sup>45</sup> Cf. Apéndice nº 3.

f) Contribucións provinciais

Serantes, á cabeza de provincia contribúe con 445 reais anuais, e Maianca outros 335 reais polo mesmo concepto.

**5.8 Tributos, bens e rendas de carácter eclesiástico**

A máis do abono dos dereitos señoriais, había que engadir os tributos eclesiásticos que tiñan que pagar tódolos veciños. O patrimonio da Igrexa era o resultado da suma de bens con titularidades individuais e colectivas usufrutuarias. O clero regular administraba propiedades para o mantemento material das súas institucións: mosteiros, conventos, colexios... Máis complicado é o caso do clero secular, pois este tiña dous tipos de propiedades: as que servían para o mantemento das persoas e as que o seu produto destinábase para o mantemento material da mesma. As primeiras tiñan coma titular aos curatos, os beneficios, capeláns, dignidades... As segundas, tiñan un titular colectivo (cabidos, confrarías...), aínda que tamén o seu capital, administrado desta volta por xuntas ou consellos, dedicábase tamén ao mantemento de capelas ou igrexas<sup>46</sup>. No territorio que nos ocupa, atopamos exemplos de ámbalas dúas. Globalmente as fontes de ingresos dos eclesiásticos en Galicia, cara ao 1750, comporíanse nun 60% de décimos, nun 35% de foros, e o 5% restante primicias e outros capítulos menores<sup>47</sup>.

a) Décimos

O Cura Párroco percibía a metade dos décimos que se collesen no territorio parroquial a excepción das terras dominiais da Casa Condal de Lemos, Segundo o calculado polos peritos no último quinquenio, estes décimos acadaban anualmente estas cantidades: En Serantes, 55 ferrados de trigo; 100 de maínzo; 55 de centeo, 8 de fabas, 12 de millo miúdo, 200 azumes de viño, 8 reais máis polo decimo do liño. En Maianca 30 ferrados de trigo, 30 de maínzo e outros 30 de centeo, 3 de fabas, 6 de millo miúdo e 110 azumes de viño. De castañas non percibía décimo pois esta especie tiña escasa produción.

b) Primicias

Tributo destinado ao mantemento da fábrica da igrexa e ao culto parroquial, que consistía no abono por cada cabeza de familia de medio ferrado de trigo anual que, en Serantes, importaba anualmente un beneficio de 22 ferrados e, en Maianca, ascendía a outros 15 ferrados máis. Este tributo foi practicado pola maioría dos pobos da Antigüidade: a ofrenda dos primeiros froitos agrícolas e que aparece coma o recoñecemento do dominio absoluto da divindade coma Señora do solo e fonte da fecundidade. Israel adoptou este costume cando se asentou en Canaán<sup>48</sup>. En total en décimos e primicias, tanto en cartos como en especie, máis outros 100 reais en escusados, as súas rendas podémolas calcular en 1.800 reais anuais.

---

<sup>46</sup> Cf. J. M. DONÉZAR DÍEZ DE ULZURRUM, *La Única Contribución y los Eclesiásticos*, en: “Cuadernos de Historia Moderna” 21(1998) 219-263.

<sup>47</sup> Cf. P. SAAVEDRA FERNÁNDEZ, “La Iglesia gallega”, en: R. VILLARES (ED.): *Historia de Galicia, O. c.*, 585.

<sup>48</sup> Cf. Éxodo 2, 3-16 e Deuteronomio, 12.

## c) Voto de Santiago

Tratábase dunha renda de orixe medieval cunha dobre orixe. Unha mítica relacionada con Ramiro I que concede á Igrexa compostelá o Voto en acción de grazas ao Apóstolo por mor da súa milagreira intervención na batalla de Clavijo (A Ríoxa) en prol do exército cristián e na contra do musulmán, e outro máis real que se corresponde a prácticas tributarias medievais. Na época da redacción das nosas fontes, este imposto gozaba do seu maior apoxeo pois recadábase no 65% da España peninsular. En Galicia afectaban á maioría do campesiñado, chegando nalgunhas comarcas ao 90% dos veciños. Deste Voto eran beneficiarios, especialmente, o Cabido da Catedral que percibía o 50% dos Votos e o Arcebispo de Santiago que percibía outro 33%. O seu abono creou moita conflictividade até que, en 1834, quedou abolido definitivamente<sup>49</sup>. No caso de Serantes e Maianca o Voto era percibido polo cóengo dignidade de Arcediago de Nendos que, no primeiro caso, regulaba en 22 ferrados de trigo, e na do segundo cada veciño labrador pagaba medio ferrado de trigo polo mesmo concepto.

## c) Bens eclesiásticos de titularidade colectiva

Aparecen bens eclesiásticos taxados ao clero regular (Conventos dos Dominicos e Clarisas de A Coruña); Confrarías (Santísimo Sacramento de Serantes e Ánimas de San Xurxo de A Coruña); o Hospital dos Reis Católicos de Santiago; A Colexiata de Santa María do Campo de A Coruña, e unhas capelanías fundadas por particulares ou clérigos ben patrimonistas ou ben con curatos noutras parroquias da diocese, coma: **Domingo Sánchez Couceiro, Ignacio Villar de Francos, Nicolás Calviño, Manuel Varela, Manuel Francisco da Ponte, Francisco Salinas e Isidro Chancela**. Nos apéndices, describimos os alcances dalgunhas delas<sup>50</sup>.

Tamén o Convento de monxas clarisas de Santa Bárbara A Coruña percibía décimos de veciños de Maianca aos que lles arrendaban terras e viñas. Calculados no último quinquenio polos peritos, ascendían a 90 ferrados de trigo, 90 de maínzo, 90 de centeo, 9 de fabas e 18 de millo miúdo, e 330 azumes de viño, sen castañas. Tamén posuían unha casa dun alto no sitio de Maianca de dez varas de fronte e outras dez de fondo que os mesmos peritos moderan nun aluguer de 12 reais de vellón. A máis desto, declaran o dominio dunha parcela de tres ferrados de terra de 3ª calidade que, no seu día, cedéralles o fidalgo Xosé Monsoriu. En cartos significarían uns 1.600 reais anuais. A relixiosa profesa nese convento e veciña de Serantes, **María Castillo**, declara tres partidas de bens consistentes en 15 xornais de viña en O Curuto, outros 8 en Subiña, e terras e de semente e monte baixo en Santa María de Dexo.

Unha ausencia de información verbo da contribución por *penas de cámara* indica que a poboación destas parroquias non amosaban demasiados problemas a nivel xudicial.

<sup>49</sup> Cf. O. REY CASTELAO, *El Voto de Santiago en Galicia: regímenes contributivos y sus interpretación de sus series*, en: "Compostellanum" 33 (1988) 3-4, 385-468.

<sup>50</sup> Cf. Apéndices nº 4, 5, 6 e 7.

**Porcentaxe do produto bruto agrario que supoñían en 1752 as diversas cargas  
satisfeitas polo campesiñado das provincias de Betanzos e A Coruña (Fonte: P.  
Saavedra Fernández, 1991)**

Provincia	Foros	Décimos	Primicias	Señorío	Total
Betanzos	8,4	6,3	0,6	0,2	15,5
A Coruña	10,1	7,8	0,6	0,3	18,8
<b>Galicia</b>	12	8,9	1,2	0,4	22,5

Do sistema impositivo ó que estaban suxeitos os habitantes da Xurisdición de Miraflores, e particularmente os de Serantes e Maianca, podemos concluír: Que, os veciños tiñan que desprenderse anualmente dun 15% da riqueza xerada. A Coroa practicamente recibía o 1%, e o resto viña absorbido tanto polo Señor Xurisdicional (a condesa de Lemos) coma pola Igrexa, que quedaba cun porcentaxe algo maior que o señorío leigo. As principais cargas impositivas eran similares a outras Xurisdicións e igual de gravosas, tanto as recadadas pola Casa Condal de Lemos, coma polas institucións eclesiásticas, poñéndose de relevo a arbitrariedade de moitos destes tributos, polo que os intentos reformistas do Estado por facer un sistema impositivo máis racional estaban totalmente xustificados. Con este modelo de fiscalidade, o señorío secular non só controlaba a comarca a través do seu dereito de exercer funcións de goberno e impartir xustiza, senón tamén extraendo dos seus vasallos o cobro dunhas cantidades en cartos, máis ou menos fixas, que lle garantían uns ingresos anuais en metálico fáciles de transportar a Madrid, o seu lugar de residencia, e exentos das cargas derivadas dos altibaixos da venda no mercado do que recadaba en especie. Os tributos eclesiásticos, aínda que se cobraban normalmente en especie, teñen un montante anual de preto de 2.000 reais anuais. Convertendo á Igrexa noutro dos poderes influentes a nivel político e social.

### 5.9 Comercio

O comercio interior na Galicia desta época é moi descoñecido. Sabemos que, ao longo do século XVIII, o número de mercados e feiras non deixou de medrar. Isto significaba: “Que en Galicia dominaba a comarca, o cambio de pequeno radio; a supervivencia de dereitos de paso de pontes e camiños, así como as diferentes medidas de peso e capacidade. Certo espertar económico: tratos de gando, de lenzos, e produtos que cumpría traer de foro, por exemplo o sal que viña de Portugal”<sup>51</sup>.

Unha das poucas noticias sobre comercio, máis ou menos regular, é a adquisición de leña, pois seica esta era escasa. En Maianca, por exemplo, descríbese:

Que los montes bajos cerrados y comunes quanto al pasto solo se rompen y siembran a fin que produzcan algún tojo para quemar en ellos mismos, al tiempo de cultivarse y cerrarlos, y lo muy poco que sobra para el fuego en cada casa y pasto de ganado lanar (...) La única utilidad que podía considerarse es la de los montes altos, la mitad de la leña necesitando cada medida de ellos el ferrado de trigo (...) Que la falta para el fuego se suple con el estiércol seco del ganado, y con lo que viene de afuera y embarcado (...) Lo que se experimenta es que en el término no se comercian legumbres y menos fruta a parte alguna, por su poquedad

<sup>51</sup> P. SAAVEDRA FERNÁNDEZ, “Historia da Idade Moderna 1480-1808”, en: *Historia de Galicia, Vol II*, Madrid, Cypsa-Planeta 1980, 6-98.

y ruindad, y como para plantar las coles se compran en La Coruña y Betanzos, pidiendo una cava cada mes y doble abono que la medida de huertas se computa en igual a las tierras de sembradura.

Se reparamos en que: “En Galicia funciona una economía de troco, de circuito curto, que permite certos aforros e, xa que logo, unha diferenciación socioeconómica, unha gandería estreitamente vinculada ao proceso agrícola e a terra é escasa”<sup>52</sup>, e que cara ao final do século XVIII os campesiños destinaban o 37% da súa produción ao pago dos décimos, das rendas, e dos dereito señoriais aboados en especie e outros esquilmos<sup>53</sup>, xa nos decatamos que pouca cousa podían comerciar.

Se cadra por iso, os expedientes non conteñen rexistros de feiras ou mercados mensuais en Miraflores. Porén, Lucas Labrada refire estas feiras nas proximidades:

En A Coruña había dos mercados semanais los miércoles y los sábados: adonde se lleva harina, pan cocido, gallinas, pollos, lechones, huevos, manteca y algunos otros comestibles; como también telas de lienzo del país, y loza de las parroquias de Buño y Leiloio (...) En Cambre se celebra el tercer domingo, concurre en ella ganado vacuno, caballar y pan cocido (...) En Betanzos se hace feria en el día primero de cada mes, a la que concurre ganado vacuno y caballar, lechones, corderos, etc., y cada jueves hay un mercado, al cual se lleva grano, huevos, manteca, quesos y otros artículos<sup>54</sup>.

## 5. CONCLUSIÓNS

Velaquí a nosa análise dos distintos niveis de información que achegan as *Comprobacións* sobre unha parte da Xurisdición de Miraflores. Coidamos que será o paso previo para novas descrições da superficie total dese territorio. Aínda que nos movemos na perspectiva da historia local, quixemos tamén facer unha tratamento orixinal da información, algo máis cunha mera transcripción do material utilizado. Degoramos dar nome aos individuos, redactores e veciños, que houberon responder ás esculcas. Se cadra, deberíamos entrecruzar os datos con outras fontes localizadas nos arquivos eclesiásticos e de protocolos notariais, porén coidamos que iso excede o formato dun artigo de revista. Aínda así, estamos convencidos de que as nosas achegas axudarán, dunha banda, á mellor comprensión da realidade económica e social da Xurisdición de Miraflores e, doutra, a albiscar as razóns do fracaso dos intentos daquela reforma fiscal estatal. De feito, xa hai algún estudo<sup>55</sup> que tenta mudar a perspectiva de análise da documentación pasando, dos datos cuantitativos sobre territorio, habitantes, actividade económica... para centrarse no grupo humano protagonista desas cantidades, cos seus obxectivos, xerarquías, relacións... Ou doutro xeito responder á pregunta Quen foron os protagonistas do Catastro?

<sup>52</sup> X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ, *Historia de Galicia. IV Idade Contemporánea*, Vigo, Galaxia 1981, 48.

<sup>53</sup> Cf. A. GARCÍA, “Introducción. Crisis de la agricultura tradicional y revolución liberal, en: ID. (Ed.), *Historia agraria de la España contemporánea 1. Cambio social y nuevas formas de propiedad (1800-1850)*, Barcelona, Crítica 1985, 66.

<sup>54</sup> J. LUCAS LABRADA ROMERO, *O. c.*, 40 y 51-52.

<sup>55</sup> Cf. L. BORRAGÁN FERNÁNDEZ, “La Única Contribución y la máquina catastral”, en: F. LABRADOR ARROYO (ED.), *II Encuentro de Jóvenes Investigadores en Historia Moderna. Líneas recientes de investigación en Historia Moderna*, Madrid, Grupo Editorial Cinca 2015, 1343 y ss.



Topámonos cun non pequeno problema: a veracidade das fontes. As primeiras operacións feitas polo *Catastro de Ensenada* para calcular os produtos (tanto de leigos coma de eclesiásticos) deron un resultado de 550.279,6 reais de vellón para Maianca e outros 530.066,3 para Serantes. As *Comprobaciones* practicadas polos peritos e informantes ao abeiro da Instrución de 15 de decembro de 1760, fan un novo axuste de 230.637,32 reais de vellón para Maianca e outros 270.696,6 para Serantes. Se estes cálculos son veraces, a redución no produto foi tan forte que, nestas localidades, rebaiouse o resultado á metade. Se o obxectivo principal daquelas comprobacións era un coñecemento cabal e avaliación dos fondos correspondentes aos ramos real, industrial e comercio para decretar a Única Contribución, xa estamos a albiscar unha das razóns do fracaso definitivo da mesma antes da súa implantación, pois a redución do industrial galego chegou até un 23% superior ao 16% xeral. O Intendente Xeral de Galicia, Andrés Gómez de la Vega, nunha carta datada no 16 de decembro de 1761, laiábase do calculo obtido:

“En el denotado espíritu de ocultar la verdadera consistencia y producciones del Reino defraudan generalmente los Ramos y minoran los granos. Muchos pueblos confirman el numero de ferrados de la primera operación pero alteran y minoran los valores de los granos (...) Los 120 días del salario del agricultor quedan en la actual comprobación sin cargo alguno”<sup>56</sup>.

En calquera caso: “A utilización da documentación de Ensenada, lonxe de ser unha moda pasaxeira entre os historiadores, mantense viva xerando estudos nos últimos anos, achegando novas olladas”<sup>57</sup>.

---

<sup>56</sup> Cf. J. M. PÉREZ GARCÍA, *Algunas reflexiones en torno a la utilización de los resúmenes generales de la Única*, en: “Estudis d’història agraria” (1979) 3, 101-137.

<sup>57</sup> J.P. DÍAZ LÓPEZ, *Entre la descripción y la metodología novedosa: medio siglo en la historiografía del Catastro de Ensenada*, en: “Nimbus” (2012) 29-30, 215.

## 6. APÉNDICES

**Apéndice 1:**  
**Relación das parroquias da Xurisdición de Miraflores.**  
**(Fonte: P. Torres Luna- M. L. Pérez Fariña – J M. Santos Solla, Municipios y parroquias de Galicia. Santiago USC, 1989)**

<b>Parroquia</b>	<b>Extensión en Km<sup>2</sup></b>	<b>Concello e Provincia</b>
Afoz (Santa Locaia)	3,2	Oleiros - A Coruña
Carnoedo (Santo Andrés)	4,3	Sada - Betanzos
Dexo (Santa María)	5,0	Oleiros- A Coruña
Dorneda (San Martiño)	5,0	Ídem
Guísamo (Santa María)	5,1	Bergondo - Betanzos
Iñás (San Xurxo)	4,3	Oleiros - A Coruña
Liáns (Santa Olaia)	8,8	Ídem
Lubre (San Xoán)	3,8	Bergondo - Betanzos
Maianca (San Cosme)	4,2	Oleiros - A Coruña
Meirás (San Martiño)	2,5	Sada - A Coruña
Mondego (San Xulián)	3,1	Ídem
Mosteirón (San Nicolao)	0,9	Sada - Betanzos
Nós (San Pedro)	5,1	Oleiros - A Coruña
Oleiros (Santa María)	4,4	Ídem
Orto (San Martiño)	3,3	Abegondo - Betanzos
Osedo (San Xián)	5,0	Sada – Betanzos
Ouces (San Xoán)	2,2	Bergondo - Betanzos
Rútis (Santa María)	7,0	Culleredo - A Coruña
Sada (Santa María)	4,1	Sada - Betanzos
Serantes (San Xián)	4,3	Oleiros - A Coruña
Sergude (San Xián)	2,2	Carral - Betanzos
Soñeiro (San Xián)	4,5	Sada - Betanzos
Veigue (Santa Comba)	3,2	ídem

**Apéndice 2:**  
**Relación de cabezas de gando declaradas en 1760**  
**(Elaboración propia)**

	<b>Bovino</b>	<b>Ovino</b>	<b>Porcino</b>	<b>Equino</b>
Serantes	200	372	119	20
Maianca	123	253	104	15
<b>Total</b>	<b>323</b>	<b>625</b>	<b>223</b>	<b>35</b>

**Apéndice 3:**  
**Cantidades percibidas pola casa condal de Lemos nas parroquias de Serantes e**  
**Maianca (Elaboración propia)**

<b>Parroquia</b>	<b>Señorío</b>	<b>Lutuosa</b>	<b>Décimos</b>
Serantes	155 reais e 7 marabedís	22 reais	55 ferrados de trigo 100 ferrados de maínzo 55 ferrados de centeo 8 ferrados de fabas 12 ferrados de millo miúdo 200 azumes de viño
Maianca	335 reais	55 reais	
<b>Total</b>	<b>490 reais e 7 marabedís</b>	<b>77 reais</b>	<b>1.326 reais</b>

**Apéndice 4:**  
**Bens do Convento de Santo Domingo de A Coruña en Serantes e Maianca**  
**(Elaboración propia)**

Lugares	Bens	Valor do declarante	Valor dos peritos
Xoez	Casa dun alto, de 10 varas de fronte e 15 de fondo	20 rs. de aluguer anual	10 rs. de aluguer anuais
O Espiño	2 ferrados e cuarto de terra		Tres ferrados de terceira calidade
Curuto	28 xornais de viña e 1 ferrado de monte baixo murado	4 de 2ª calidade e o resto de 3ª	26 xornais, catro de 2ª e 22 de 3ª
Fontenla	1 ferrado de terrea de semente murada	3ª calidade	3ª calidade
Boca de Agra	12 ferrados de terra	De 1ª, 2ª e 3ª calidade por igual	10 ferrados de 2ª e 3ª calidade por metade
A Coba	4 ferrados de terra	2ª calidade	4 ferrados e medio
Abrecobo	2 ferrados de terra	2ª calidade	3 ferrados
Pedrosiño	4 xornais de viña	3ª calidade	3 xornais
Seixo	18 ferrados de terra de semente; 1 ferrado de monte baixo.		12 ferrados de labranza de 2º calidade e o monte de 3ª
Carreira	8 ferrados de terra	1ª calidade	De labranza son 2 ferrados e os 6 restantes monte baixo de 3ª calidade
A Coba	7 ferrados de terra	6 de primeira calidade, 1 de 3ª e medio de monte baixo	6 ferrados de 2ª calidade e 4 ferrados e medio de monte baixo de 3ª
Testal	4 ferrados de terra e un de monte baixo		Só hai a terra de semente e ningún ferrado de monte baixo
Gándara	3 ferrados de terra 3ª calidade		2 ferrados
Agra	3 ferrados e medio de terra	1ª calidade	3 ferrados de 2º e 3ª calidade

**Apéndice 5:**  
**Bens do Hospital Real da Cidade de Santiago radicados en Serantes**  
**(Elaboración propia)**

Lugar	Bens	Valor do declarante	Valor dos peritos
Figueiras	2 ferrados de terra	3ª calidade	3 ferrados
Parameiras	Ferrado e medio de terra murado	3ª calidade	2 ferrados

**Apéndice 6:**  
**Bens da Confraría de Ánimas da igrexa de San Xurxo de A Coruña**  
**radicados en Maianca**  
**(Elaboración propia)**

Lugar	Bens	Valor do declarante	Valor dos peritos
Broño	Casa terrea	10 reais	4 reais
Longa	5 ferrados de prado murados	1º calidade un, 2º outro e de 3º os restantes	Coinciden
Gándara	2 ferrados de terra	3ª calidade	“
Gándara	1 ferrado de monte baixo	3ª calidade	“
Folgueira	Ferrado e medio de terra	3ª calidade	“
O Río	Medio ferrado de terra		“
Queimado	1 ferrado de monte baixo	3ª calidade	“
Castrillón	35 ferrados de monte baixo	5 de 1ª calidade, 10 de 2ª e 20 de 3ª	“
Santantuño	10 ferrados de monte baixo	2ª calidade	“
A Cañota	7 ferrados de terra e outros 2 de monte baixo	3ª calidade	“
Maceira	Medio ferrado de monte baixo	3ª calidade	“
Ventureira	3 cuartos de ferrado de terra	3ª calidade	“
Agro Señor	1 ferrado de terra	1ª calidade	“

Broño	Medio ferrado de hortaliza	2ª calidade	“
A Folgueira	4 ferrados de terra	1ª calidade	De 1 e de 2ª de por metade
Feal	20 ferrados de monte baixo	1ª e 3ª calidade	De 1ª, 2ª e 3ª calidade por partes iguais
Ventureiro	8 ferrados de terra	3ª calidade	6 ferrados
Agro Señor	Ferrado e medio de terra	1ª calidade	2ª calidade
Broño	8 ferrados de terra,	5 de 1ª 3 de 3ª calidade	7 ferrados, 2 de 1ª e os outros 5 de 2ª

**Apéndice 7:**  
**Bens da Colexiata de Santa María do Campo de A Coruña en maianca**  
**( Elaboración propia)**

Lugar	Bens	Valor do declarante	Valor dos peritos
Broño	Casa dun alto	40 rs.	14rs.
	Casa terrea	10 rs.	4rs.
	Casa terrea	12 rs.	5rs.
Souto	Tres ferrados de terra		2ª calidade
Ameneiral do río Grande	12 ferrados de prado de	1ª calidade	2ª calidade
	30 ferrados de monte baixo		
Veremiña	50 ferrados de terra,	20 de 1ª e 10 de 2ª	10 de 1ª calidade, 20 de 2ª e 20 de 3ª
Pedraña	40 xornais de viña	Murado	De 1 e 2ª calidade de por metade
A Pedra	8 xornais de viña	2ª calidade	3ª calidade